

C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

Aprobado inicialmente por acordo do Pleno deste Concello, na súa sesión de data 31.03.2014, a “Ordenanza Municipal sobre prevención da mendicidade no Concello de Salvaterra de Miño”, e transcorrido o prazo de trinta días hábiles desde a súa publicación no B.O. da Provincia sen que contra o mesmo se viñeran a producir ningunha reclamación ou suxestión, enténdese automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación ata agora provisional, segundo o disposto no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

De conformidade co art. 70.2 da referida Lei 7/1985, procédese á publicación do seu texto íntegro para a súa entrada en vigor, o que se producirá unha vez publicado completamente o seu texto e transcorrido o prazo previsto polo art. 65.2 da mesma lei:

“ORDENANZA MUNICIPAL SOBRE PREVENCIÓN DA MENDICIDADE NO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses estase notando un incremento da mendicidade no centro da Vila como consecuencia de grupos organizados, que se encargan de ir repartindo por diferentes puntos do Concello persoas que se dedican a pedir, e tamén persoas a título individual. Ante este fenómeno redáctase a presente Ordenanza, similar a existente noutros Concellos

Artigo 1.- Obxecto

O obxecto da presente Ordenanza é fomentar a convivencia e o civismo preservando os espacios públicos como lugares onde todas as persoas poidan desenrolar en liberdade as súas actividades dentro do respecto a dignidade e aos dereitos dos demais, así como sancionar as condutas que poidan perturbar, lesionar ou deteriorar tanto a propia convivencia como os bens que se encontran en ditos espacios, en virtude do preceptuado na Lei de bases de Réxime Local, que outorga a capacidade aos Concellos para regular a seguridade en lugares públicos, así como polas competencias de atención social no municipio que legalmente lle veñen atribuídas.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación obxectiva.

O ámbito de aplicación da presente Ordenanza comprende o termo municipal de Salvaterra de Miño, e afecta a toda actuación individual o colectiva, privada ou pública, nas materias reguladas pola mesma.


Artigo 3.- Ámbito de aplicación

Esta Ordenanza aplícase a todas as persoas que se encontren no municipio de Salvaterra de Miño.

Artigo 4.- Condutas que adoptan a forma de mendicidade.

Enténdese por exercicio da mendicidade a práctica das seguintes actividades:

1.- Calquera conduta, sexa esta expresa ou encuberta, que baixo a aparencia de solicitude de donativo ou esmola sexa exercida de forma intrusiva, o represente calquera actitude de coacción



C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

ou intimidación cara ás persoas, así como aquelas que obstaculicen ou impidan o libre tránsito polos espazos públicos.

2.- Calquera solicitude de donativo ou esmola exercida por menores ou incapaces, así como a exercida baixo formas ou redes organizadas sempre que non sexa asumible nas condutas tipificadas penalmente.

Non se considera mendicidade as accións organizadas por entidades ou asociación legalmente constituídas.

3.- A utilización de medios artificiosos ou enxeñosos para propiciar a esmola de forma enganosa, como a venda de obxectos non comercializados de forma legal ou aqueles que deben ser expedidos en establecementos con autorización para a súa venda.

4.- O ofrecemento o prestación de servizos na vía pública non requiridos a cambio dun donativo ou prezo, tales como a limpeza de parabrisas de vehículos, aparcamento e vixilancia de coches na vía pública.

Artigo 5.- Responsabilidades

Serán responsables de exercer a mendicidade os seguintes suxeitos:

- a) As persoas maiores de idade que a exerzan.
- b) As persoas que acompañen a menores de idade, sexan ou non da súa familia, con obxecto de producir pena e implorar a caridade pública.
- c) Aqueles que se dediquen a transportar as persoas que exerzan a mendicidade.

Artigo 6.- Réximes de intervención e sancións

O incumprimento das normas previstas nos apartados anteriores levará consigo , de forma sucesiva, a adopción das seguintes medidas:

a) Requirimento para que se cese de forma inmediata no exercicio da actividade e apercibimento.

b) Formalización da denuncia, da cal se dará traslado ao órgano policial ou xudicial competente.


d) As Sancións que se imporán irán dos 25,00 aos 2.000,00€, dependendo da gravidade das mesmas, así consideramos

.Leves: Considérase infracción leve a primeira infracción en maiores de idade, e a sanción irá de 25,00 a 300,00€

.Graves: Considérase infracción grave a primeira infracción na que interveñan menores ou se repita unha infracción leve, e a sanción irá de 301,00 a 1.000,00€

.Moi grave: Considerase infracción moi grave cando se repita unha infracción grave, e a sanción irá de 1.001,00 a 2.000,00€

Artigo 6.- Comisos



C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

1.-Os axentes poderán proceder a retirada e depósito dos medios empregados para desenrolar a mendicidade e dos fondos obtidos con tal actividade, depositándoos en lugar habilitado polo Concello a resultas da resolución que se adopte.

2.- Os gastos ocasionados polo comiso correrán a cargo do causante dos feitos que o determinaron.

3.- Se se trata de bens funxibles, destruíranse ou daráselle o destino adecuado.

4.- Unha vez acordada e notificada a súa devolución e transcorridos dous meses sen que o titular recupere o obxecto, procederase a súa destrución, ou se entregará gratuitamente a entidades sen ánimo de lucro con finalidades sociais.”

Salvaterra de Miño, 5 de xuño de 2014.

O Alcalde.

Asdo. Arturo Grandal Vaqueiro